

Polafía en Cerqueda, Malpica de Bergantiños Complejo Aldeola, 13 de marzo de 2011 (Domingo de Piñata)

Colaboraron na organización: Asociación de Veciños Monte d'Arxa, Asociación Cultural Raigañas, Complexo Hostaleiro Aldeola e Xosé Manuel Varela Varela.

Entroido Cerqueda 2011

Venres, 4 marzo

Desde as 17:30
Ata as 20:00h

Convocatoria de disfraces
Concurso de disfraces para todos os públicos.
Exposición de chocolatada.

Desde as 18:30 ata as 19:30h. **Guateque xuvenil**

Domingo, 13 marzo

A partir das 11:30 da mañá.
Tradicional Perccorrido de Madamitos e Ghuardineiros para todos os públicos.

No **RESTAURANTE ALDEOLA**, levántase a cubo unha **GRAVACIÓN / ESPECTÁCULO**, sempre na contorna do **TRÉBOL**.

POLAFÍA
Regueifa, coplas, cantos, cancións de época, comparsas, música tradicional e outros actos puntuais e Ghuardineiros.

Sábado, 26 marzo

Non fallas comida, música e sobre todo, **TRÉBOL**.

As 22:00h. Gran **COCIDO DE RAIGAÑAS** no RESTAURANTE ALDEOLA.

As 25:00h. Actuación do grupo **"OS REVENIDOS"** de Arxas, con dúas cantadas de estilo tradicional do seu repertorio.

A partir das 03:30h. Actuación da orquestra **TRÉBOL**.

PRECIOS:	Adultos	Menores de idade
Normal	12 €	6 €
Redu.	10 €	5 €
Infant.	5 €	3 €

Para maiores informacións, contactar coa Asociación Cultural Raigañas ou coa Asociación de Veciños Monte d'Arxa. Tel: 660 48 10 25 / 696 27 64 12.

Cerqueda vivirá un entroido marcado pola tradición etnográfica e pola literatura oral. Se ben xa ó longo destes anos a tradición etnográfica dos Madamitos e Ghuardineiros era o prato fundamental do Entroido en Cerqueda, neste 2011 a celebración dunha Polafía recuperará os vellos costumes das coplas, contos, romances, regueifas e música tradicional. Todo este xerme de actividades é a conclusión á que chegaron as asociacións Raigañas e Monte d'Arxa en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega.

O programa Entroido Cerqueda 2011 desenvolverase en tres xornadas nas que se combinarán xogos, literatura oral, música e danza tradicional, así como a gastronomía da época.

A primeira xornada terá lugar o vindeiro venres 4 de marzo no local sociocultural das Pozacas cos máis pequenos como

verdadeiros protagonistas. Desde as 5 ata as 8 da tarde haberá unha gran festa de disfraces con animación antroideira. Ó remate da mesma degustarase unha chocolatada. Por outra banda, desde as 8 e media ata as 10 e media, para os máis adolescentes celebrarase por primeira vez un guateque xuvenil de entroido.

O día máis intenso de tradición antroideira será o Domingo de Piñata coa celebración do tradicional percorrido dos Madamitos e Ghuardineiros e coa novidade da gravación dunha Polafía. Os Madamitos arrancarán o seu desfile de bromas, danzas e músicas a partir das 11 e media da mañá por todos os lugares da parroquia. A Polafía celebrarase a partir das 5 da tarde no restaurante Aldeola. Nela, a Asociación de Escritores en Lingua Galega aproveitará para realizar unhas gravacións da tradición da literatura oral e da música tradicional da parroquia de Cerqueda. Gravaranse romances de cego, coplas, comparsas, regueifas, contos, lendas así como o repertorio de catro xeracións de pandereteiras da parroquia. O peche da Polafía virá dada coa última intervención dos Madamitos e Ghuardineiros e coa actuación dos gaiteiros Raigañas. Na organización da Polafía participan a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación de Veciños Monte d'Arxa, a Asociación Cultural Raigañas coa colaboración do complexo hostaleiro Aldeola.

A última iniciativa deste programa é o cocido de entroido que terá lugar o sábado 26 de marzo a partir das 10 da noite no restaurante Aldeola. Ademais da degustación de produtos típicos de época, os asistentes poderán contemplar o concerto humorístico do grupo Os Revenidos e bailarán coa orquestra Trebol. Para participar no cocido é imprescindible inscribirse nos teléfonos 660 48 10 25 / 696 27 64 12.